

## UN NOVO SEIXO CON TRAZOS ANTROPOMÓRFICOS PROCE- DENTE DO DOLMEN DE AXEITOS (RIBEIRA, A CORUÑA)

Por Xosé Ignacio VILASECO VÁZQUEZ

Arqueólogo contratado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña.

1. Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela.

**Abstract:** A new stone pebble decorated with anthropomorphic notches and incisions from the passage grave of Axeitos (Ribeira, A Coruña) is studied. The object was found nearby the monument, in front of the corridor, during the recent works carried out to arrange the site. It is analysed compared to similar objects collected in the local megalithic monuments of Galicia and Northern Portugal, studying the archaeological and patrimonial consequences that the find has for the interpretation of the monument.

**KeyWords:** Neolithic sculpture, megalithic pebbles, NW Iberia.

### 1. ANTECEDENTES

A *Pedra do Mouro*, nome con que é coñecido popularmente o dolmen de Axeitos, atópase no extremo SW da península da Barbanza, a menos de 200 m do lugar de Axeitos, pertencente á parroquia de San Martiño de Oleiros, concello de Ribeira [Figura 1]. O monumento está situado nunha zona de pendente suave, a uns 42 m de altura, e dominando unha zona de val inmediata. A grande anta que hoxe podemos apreciar corresponde a un dolmen de corredor cunha cámara de forma aproximadamente ovalada construída con sete lousas, xunto a unha oitava que lles fai de cuberta pousada unicamente sobre tres delas. Esta cámara ten unhas dimensións interiores, na base do terreo actual, de 2,50 m de longo por 3,20 m de ancho, unha altura interior de 1,80 m, e presenta unha abertura a xeito de porta dunha amplitude de 1,12 m orientada ó ESE (99ºN: Hoskin e mais Rodríguez, 1998). A esta abertura pégase un estreito corredor diferenciado tanto en planta como en alzado, cunhas lousas que apenas afloran 40 cm de altura na

actualidade. Sen cuberta conservada, tiña un mínimo de dous tramos, xa que aínda se poden observar 3 laxes, dúas no lado norte e unha ao sur, e acadaría unha lonxitude mínima de 2,30 m. Como é habitual nos monumentos galegos, o dolmen descrito estaba rodeado por un túmulo de dimensións importantes, evidente polo grande sepultamento das lousas, pero que hoxe en día resulta difícil de delimitar por mor dos labores de cultivo tradicional ocorridos na zona. Estes traballos téñeno ocultado na metade oeste, gracias ao propio cultivo e mais aos aportes de terras vinculados á dinámica de vertentes, mentres que na zona fronteira ao corredor teñen rebaixado parcialmente a súa altura. Así e todo, aínda é apreciable ao NE da cámara, punto onde parece acadar menos 25 m de diámetro e preto de 2 m de altura.

O de Axeitos non só é un dos dólmenes mellor conservados da península do Barbanza, téndose convertido nun símbolo non oficial do concello de Ribeira, senón que probablemente se trata dun dos principais representantes da arquitectura megalítica que conservamos en Galicia, ata o punto de que a súa imaxe é a máis utilizada para exemplificar este tipo de monumentos en numerosas publicacións de difusión e guías da comunidade autónoma. O monumento é propiedade da Excm. Deputación Provincial da Coruña desde 1975, momento en que esta administración adquiriu a arquitectura megalítica, aínda que non a totalidade do túmulo que constitúe o conxunto do monumento, procedendo en 1984 a acondicionar o acceso e mais o aparcamento, e construír un murete de cachotería rodeando a finca.

No ano 2002 a institución provincial adquiriu diversas fincas lindeiras coa súa propiedade co obxectivo de eliminar o murete que delimitaba esta, situado parcialmente sobre o propio túmulo do monumento [Figura 2]. Do mesmo xeito, pretendíase acondicionar o seu contorno, xa que a día de hoxe Axeitos é un dos dólmenes máis visitados da nosa comunidade autónoma por mor da súa sinalización, doado acceso e proximidade a outros recursos turísticos, como as diversas praias do contorno e mais o parque natural do complexo dunar de Corrubedo. O proxecto de reforma foi redactado e dirixido polo arquitecto provincial, Fernando Cebrián del Moral (2002), comezando a súa execución, unha vez autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, a mediados de xullo de 2003. Toda a actuación, aínda en curso no momento de redactar estas liñas (setembro/outubro), estase a desenvolver baixo control arqueolóxico, que dirixe o que subscribe. Durante a execución do citado control arqueolóxico foi localizada de forma casual, na superficie dunha das novas fincas adquiridas pola Deputación da Coruña, a peza que é obxecto desta nota.

## 2. DESCRICIÓN DA PEZA

O obxecto en estudio [Figuras 3 e 4] está realizado sobre un seixo de gneis con abundantes vetas de cuarzo que gardan a mesma aliñación que o eixo maior da

peza. De sección aplanada, ten unha forma xeral ovoide que é proporcionada por un dos lados menores, que é redondeado, fronte ao oposto, que presenta unha rotura irregular anterior ao proceso de rolamento natural da peza. As súas dimensións máximas son 201 mm no seu eixo maior, 127 mm no menor, e 58 mm de espesura, presentando un peso de 2,419 kg.

Se situamos a peza co seu eixo maior en vertical e mais o lado menor redondeado cara a arriba, observamos que se atopa retocada con diversos trazos de orixe antrópica na súa metade superior. En primeiro lugar, o contorno da peza ten sido alterado pola execución mediante repicado de tres escotaduras nos seus cantos, dúas dun lado e unicamente unha do outro. A presenza dunha segunda escotadura neste último vese dificultada, e, se cadra, tamén substituída, pola presenza dunha irregularidade na forma natural da peza provocada por unha das vetas de cuarzo. Cómpre salientar que as escotaduras unicamente se estenden polo borde máis exterior e arredondado do canto, sen prolongarse polo mesmo cando este acada unha grande espesura<sup>1</sup>. No lado que presenta dúas escotaduras podería chegar a sinalarse a presenza dunha pequena superficie que semella corresponder a unha terceira escotadura, situada xa na metade inferior da peza. Sen embargo, debe de ser descartada como tal tanto polo feito de apreciarse unicamente nunha das caras do obxecto como polo grande puimento que presenta a súa superficie en relación ás outras tres, que amosan a superficie de traballo máis viva; debe de corresponder, seguramente, a unha zona de rolamento diferencial da peza, ou, máis dubidosamente, a un puimento intencional ou mesmo unha pegada de uso.

Nunha das caras («A») as tres escotaduras esténdense pola superficie da peza en forma de acanaladuras executadas mediante repicado; duns 8-10 mm de anchura e escasa profundidade, tenden a converxeren no centro da peza. As dúas da dereita, de maior tamaño cá da esquerda, sitúanse cunha grande inclinación desde a escotadura cara a parte inferior da peza, rematando practicamente na súa zona media. Na parte máis próxima ao borde da peza esténdese, entre as dúas acanaladuras, unha zona que presenta un posible puimentado de execución posterior ás acanaladuras, cando menos á superior, posto que esta non chega a cortala en ningún momento. A acanaladura da esquerda é practicamente horizontal, e de tamaño moito menor ás outras dúas. Tamén nesta cara parecé apreciarse unha pequena incisión realizada mediante un obxecto de punta roma que segue unha grande inclinación desde a parte superior da peza ata a acanaladura da parte esquerda, contactando con ela. Pola inclinación que presenta semella que esta incisión parte da irregularidade natural da peza, completando así a simetría do obxecto: dúas acanaladuras á dereita fronte a acanaladura e mais incisión á esquerda. Así e todo, resulta difícil avaliar se esta situación foi buscada polos autores da decoración ou corresponde, máis ben, a unha alteración post-

---

<sup>1</sup> Véxase o que se referirá posteriormente para o lado esquerdo da "cara B" da peza.

deposicional, xa que a incisión interrúmpese á altura dunha greta presente na peza, sen chegar a estenderse ata a irregularidade citada.

A cara oposta (B) preséntase atravesada por catro incisións de 3-4 mm de anchura máxima realizadas cun obxecto de punta roma. Ao igual que as acanaladuras da outra cara, converxen desde a parte superior da peza cara ao centro, pero novamente sen contactaren entre si. As do lado esquerdo prolongan a liña marcada polas escotaduras realizadas no borde do seixo, se ben non chegan a contactar con elas porque este borde presenta unha grande espesura. Así, mentres que as escotaduras unicamente afectan á zona máis exterior e arredondada do borde, as incisións esténdense só pola superficie horizontal da cara do obxecto, aínda que na inferior algún pequeno trazo se constata tamén polo borde en dirección á escotadura, sen chegar a definirse unha acanaladura clara. A incisión superior do lado dereito parte da irregularidade natural presente nese punto da peza, gardando unha inclinación semellante á que se sitúa fronte a ela. A inferior dereita, pola súa banda, prolonga a escotadura artificial executada no canto da peza, que previamente se estendeu uns 20 mm pola cara da peza; fronte ás outras tres incisións, esta é practicamente horizontal, en consonancia co que sucede coa acanaladura que prolonga a mesma escotadura pola outra cara do seixo. Cómpre sinalar, finalmente, que o espacio que se estende entre as dúas incisións superiores presenta unha superficie máis rugosa có resto da peza, ben por mor dunha maior exposición á intemperie<sup>2</sup>, ben pola realización dun repicado intencional, que mesmo chega a afectar á incisión esquerda.

### 3. CONSIDERACIÓNS PATRIMONIAIS

A peza descrita foi localizada a uns 7,50 m do extremo exterior do corredor do dolmen de Axeitos, na superficie da finca inmediatamente contigua á antiga propiedade da Deputación Provincial da Coruña polo SE, e apenas a 1,50 m do murete de cachotería que delimitaba esta última desde 1984 [Figura 5]. A aparición dunha peza destas características no xacemento ribeirán non é, para nada, unha situación sorprendente, posto que ao longo dos anos 80 do século XX se teñen localizado en diverso número noutros tres dólmenes de corredor da provincia da Coruña: A Cova da Moura en Argalo, Noia (Fábregas, 1992), A Mina de Parxubeira en Mazaricos (Rodríguez Casal, 1988) e Dombate en Cabana de Bergantiños (Bello, 1994). De feito, procedente do propio monumento de Axeitos coñecíase xa unha peza das mesmas características (Fuente e mais Fábregas, 1988/89) [Figura 6]. Do mesmo xeito que sucedeu co novo achado, tamén foi localizada nas proximidades do dolmen en 1982, en superficie e de forma casual, sen que

---

<sup>2</sup> Cómpre sinalar que é esta cara a que se situaba exposta ás inclemencias do tempo no momento en que foi localizada.

coñezamos máis datos sobre a súa localización exacta. Trátase, igual cá nova peza, dun seixo de granito, de 13 cm de altura, con forma aproximadamente triangular e sección aplanada. Fronte á decoración da aquí estudada, a outra presenta, en ambas as caras e na parte máis estreita da peza, unha única incisión a cada lado que desde o lateral converxe cara ao centro, sen chegaren a contactar entre elas.

A localización dos dous seixos traballados ten unhas importantes consecuencias desde o punto de vista patrimonial. Como paso previo, cómpre salientar que nos tres xacementos escavados nos que se teñen documentado esculturas deste tipo estas estaban localizadas en zonas moi delimitadas da periferia do túmulo do monumento, fronte á entrada do sepulcro. En concreto, nos dous monumentos máis setentrionais, A Mina de Parxubeira e mais Dombate, as esculturiñas, mesturadas con outras máis claramente antropomórficas, formaban unha ringleira na periferia da mámoa, a xeito dunha soleira que daba paso ao pavimento de acceso que unía o exterior do conxunto coa cámara megalítica a través do túmulo. E mesmo, no caso mellor documentado, o escavador supón que as pezas formaban a parede dun pequeno chanzo que delimitaba dito pavimento, e que cumpría franquear para acceder ao monumento (Bello, 1994). No caso aínda inédito da Cova da Moura, o monumento máis próximo a Axeitos dos tres en análise ao se situar no extremo oposto da península da Barbanza, as pezas situábanse tamén bordeando o túmulo fronte á entrada, en grupos formando un arco por fóra do anel de grandes pedras que delimitaba a mámoa<sup>3</sup>.

Cando publicaron a primeira das pezas coñecidas en Axeitos, F. de la Fuente e mais R. Fábregas expoñían xa a posible vinculación da peza co dolmen, con todas as cautelas que cabía ter diante dun achado casual. No momento actual, a presenza xa de dous obxectos deste tipo parece confirmar a existencia dunha concentración de ídolos na zona periférica do túmulo, fronte á entrada ao recinto, similar ás localizadas na Cova da Moura, Parxubeira ou Dombate. De feito, o punto no que se localizou a peza que xustifica este artigo sitúase nesta situación, a 7,50 m do extremo do corredor e a 9,90 m da porta da cámara do dolmen, unha distancia algo maior ca á que se atopan as estruturas dos outros monumentos<sup>4</sup>. E a pesar de que se trata dun achado superficial, e, polo tanto, desprazado do seu lugar orixinal, creo que podemos asegurar que a peza non debe estar moi lonxe do seu lugar orixinal. En primeiro lugar, cómpre salientar que, en consonancia co que afirma M. Murguía (1865: 517), os veciños do lugar de Axeitos aseguran que boa

---

<sup>3</sup> Información persoal dun dos seus escavadores, C. García Martínez, a quen agradezo esta e outras informacións facilitadas sobre o monumento.

<sup>4</sup> En Dombate os idoliños estaban a uns 9 m da cámara e só a 5 do corredor, que é de tres tramos; en Parxubeira: a 8,6 m da cámara e a 6,5 do corredor de dous tramos; en Cova da Moura: a uns 8 m da cámara e a uns 6 m do corredor, tamén de dous tramos. As medidas nos dous primeiros monumentos foron tiradas dos planos publicados; en Cova da Moura utilizouse un dos planos de campo da intervención, amablemente cedido por M. C. García Martínez.

parte das fincas do contorno do dolmen, e mesmo aquela na que se situaba este e mais a contigua, na que se recolleu o idoliño, estaban dedicadas a terreo de labor antigamente<sup>5</sup>. De feito, o seu cultivo continuado é o que xustifica o grande corte no terreo que existe a continuación do corredor, producido por mor da presenza no lugar dun aterramento. Así e todo, o cultivo das fincas foi abandonado hai máis de 40 anos, momento en que se procedeu á plantación de piñeiros e mais eucaliptos na maior parte delas, polo que probablemente nunca foron vesadas con medios mecánicos. Nestas condicións, as fincas inmediatas ao monumento están dedicadas desde hai anos á recollida de toxo e mais á explotación forestal, polo que as remocións de terreo teñen sido mínimas, practicamente inexistentes desde que a Deputación Provincial da Coruña mercou o dolmen en 1975. Exposto todo o anterior, cabe supoñer que o cultivo tradicional ten alterado por completo a zona do túmulo que se sitúa fronte á entrada do monumento, afectando á eventual estrutura de delimitación na que se integrarían as pezas, fose esta unha soleira liñal como en Dombate ou A Mina de Parxubeira, ou un arco de circo como o da Cova da Moura

Así e todo, resulta difícil defender que, cando menos o atopado recentemente, permanecese á intemperie 40 anos, desde o último en que se cultivou a finca. Probablemente a súa proximidade ao murete que rodeaba a antiga propiedade de Deputación provincial, apenas a 1,50 m del, pode aportarnos unha explicación. Unha vez adquirida a finca do dolmen, e igual que fixo simultaneamente cos monumentos de Dombate e mais Cabaleiros (Tordoia), esta administración cerrou a súa propiedade cun murete de cachotería duns 60 cm de anchura por 60 cm de altura. As obras, executadas nos tres casos en 1984, foron dirixidas polo arquitecto Carlos Fernández-Gago segundo proxecto redactado dous anos antes. Desgraciadamente, e ao non contar co informe dun arqueólogo durante o proceso de compra, en ningún dos tres casos se mercou a totalidade do túmulo do monumento, polo que o murete se superpuxo parcialmente a este. Desgraciadamente unha actuación benintencionada, e que ten permitido preservar o monumento ata os nosos días sen novas alteracións de importancia, ao contrario do que ten sucedido con outros grandes dólmenes galegos, acabou sendo a causante dunha afección. Afortunadamente, segundo os datos tirados durante a súa desmontaxe ao longo dos meses de xullo e agosto de 2003, en Axeitos o murete asentaba directamente nunha gabia escavada no terreo, duns 60 cm de anchura e apenas 20 cm de profundidade, estando ausente a zapata de formigón que se prevía en proxecto (Fernández-Gago, 1982) e que si existía en Dombate<sup>6</sup>. Dita gabia mesmo parece ter sido escavada a man, polo que a afección ao subsolo tería sido aínda menor.

---

<sup>5</sup> Estes datos, e outros moitos sobre o xacemento, débolllos aos veciños de Axeitos, especialmente a Juan Martínez, asiduo visitante do monumento.

<sup>6</sup> Informacións obtidas durante a realización do *Control arqueolóxico do novo cerre do recinto do dolmen de Dombate* dirixido polo arqueólogo A. Concheiro Coello, onde a zapata acadaba preto de 40 cm de profundidade.

Probablemente durante a execución dese murete debeu afectarse á zona onde se atopaban os idoliños, o que deu como resultado a localización en superficie da peza coñecida. De feito, xusto por fronte á entrada ao monumento o murete sitúase a uns 8 m da porta da cámara, unha distancia similar á que se documentan os idoliños nos outros tres dólmenes. A presenza de abundantes pedras de pequeno tamaño en superficie, a carón do lugar en que se localizou o de Axeitos, poden ser restos doutras estruturas tumulares (¿coiraza?) tamén afectadas. Aínda que non se pode descartar que algunhas delas poidan ser restos da materia prima traída á zona para a execución do murete, cómpre salientar que a aparición de pedras en superficie ao exterior do antigo cerre unicamente se constata nesta zona, e non a este e oeste da mesma.

A pesar de todo, estas consideracións deben tomarse unicamente como unha hipótese de traballo, en tanto non teñamos máis información sobre o monumento. Por unha banda, o primeiro idoliño localizado no dolmen recolleuse con anterioridade á execución do cerre de 1984, polo que a súa aparición seguramente se relaciona co laboreo das fincas da zona. Ademais, existen ocasións en que se teñen localizado pezas análogas en zonas onde non existen evidencias de túmulos, como o exemplar das Forcadas, en Cangas (Pontevedra) que a pesar de ser tamén un achado casual parece corresponder a un asentamento ao ar libre (Suárez, 1990). Un dato de maior interese có anterior é o do monumento megalítico da Casota do Páramo (Boiro), situado no cumio da Serra da Barbanza, a escasos quilómetros de Axeitos. Trátase dun dolmen de corredor con cámara poligonal irregular, realizada con sete lousas, e corredor dun tramo en V, orientado ao SE e diferenciándose da cámara en alzado, pero apenas en planta. A cámara situábase aproximadamente no centro dun túmulo de 22 m de diámetro aparente. Neste monumento, e no marco dun proxecto que tiña por obxectivo principal a busca de paleosolos baixo os monumentos (Criado et al., 1986), realizáronse dúas catas de sondaxe, unha delas no límite sudoriental da mámoa, xusto por fronte ao corredor, de 3 x 1 m [Figura 7]. Pese a que no sector sudoccidental do túmulo semellan apreciarse restos dunha coiraza pétreo de recubrimento, na cata non se localizaron indicios deste elemento estrutural, atopándose un nivel de terra con abundantes pedras de pequeno tamaño, correspondente ao túmulo, que asentaba sobre o solo existente previamente á construción do monumento. Este resultado apunta a posibilidade de que a sondaxe se practicasa sobre o espazo de acceso cara á cámara aberto no monumento, similar aos de Dombate ou Parxubeira. E o feito de que non apareceran pezas similares ás aquí estudadas, pese a que segundo o escavador se localizou o extremo do túmulo, pode indicar, con todas as reservas que deben acompañar á interpretación dunha sondaxe, que este tipo de soleiras de idoliños non son xeneralizables a todas as grandes antas da zona (Vilaseco, 1997/98).

Finalmente, cómpre recoñecer que algunhas das posibles esculturiñas similares ás de Axeitos veñen sendo citadas na bibliografía recente do NW con procedencias moi diversas (Vilaseco, 2000): por exemplo, senllos posibles ídolos

antropomórficos téñense recollido, respectivamente, no interior do espacio central, moi revolvido, de Pedra do Boi 3 (Dumbría, A Coruña) (Lestón, 1993), e entre as pedras que bloquean o acceso de Portela de Pau 2 (Melgaço, Viana do Castelo) (Jorge et al., 1997); en relación coa cámara apareceu tamén a figuríña de San Bieito 2 (Lobios, Ourense) (Eguileta, 1999: 127), mentres que unha dun túmulo de Guntín (Lugo) se recolleu no interior da masa tumular (Rodríguez, 1998: 79); un betilo apareceu nos Campiños 6 ao exterior do sector SE do túmulo, preto da entrada ao acceso pero sen se relacionar con el (Fábregas e mais Fuente, 1991/92); en Outeiro de Cavaladre 5 (Muíños, Ourense) apareceu unha posible peza na periferia do sector setentrional do túmulo (Eguileta, 1999: 127), situación que tamén gardaba o betilo simple de Os Consellos (Nigrán, Pontevedra) (Vidal, 1999); mesmo a presenza de seixos pousados no interior do acceso, aínda que sen decoración, cítase tanto no caso da Mina de Parxubeira (Rodríguez, 1988) como no da Medorra (A Gudiña, Ourense) (Parga, 1996). Exemplos todos que nos apuntan a posibilidade de que as pezas de Axeitos poden ter unha procedencia diversa á aquí proposta.

#### **4. A NOVA ESCULTURIÑA NO MARCO DO MEGALITISMO NOROCCIDENTAL**

Este novo «idoliño», por utilizar unha terminoloxía que vén sendo aplicada a este tipo de esculturiñas desde a súa localización, encádrase perfectamente dentro das pezas publicadas ata a actualidade para o noroeste (Fábregas, 1992), pero presenta tamén unha serie de particularidades que convén salientar. Corresponde ao que Fábregas denomina grupo II (seixos decorados tipo Argalo); e pese a que unicamente presenta tres escotaduras no contorno da peza, parece factible integralo no tipo IIc2 (Fábregas, 1992 e 1993). Na práctica, a propia presenza dunha irregularidade no contorno da peza pode ter substituído á cuarta escotadura que caracteriza ao tipo. De feito, cabe considerar se non existiu unha escolla consciente dunha peza que, de forma natural, presenta unha serie de trazos que, xa de seu, caracterizan ao obxecto que se pretende acadar coa decoración que se lle vai aplicar. O feito de que na cara B unha das incisións practicadas parta desta irregularidade, mentres as restantes teñan orixe nas escotaduras artificiais así o semella indicar. Cómpre salientar que a utilización de pezas que de seu presentan un feitífo natural que recorda ás pezas é algo que xa sinala Fábregas (1993: 95-96) respecto a un idoliño do tipo IIb3 de Dombate, que está elaborado sobre un canto que presenta, de forma natural, un aspecto claramente antropomórfico [Figura 8]<sup>7</sup>,

---

<sup>7</sup> A posibilidade de estudar os idoliños de Dombate, mesmo con anterioridade ao seu depósito no Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña, débolla á amabilidade do escavador do monumento, José M<sup>º</sup> Bello Diéguez. Del sempre lembrarei con asombro como, hai xa 12 anos, mandou de volta para Santiago a un rapaciño, aínda sen licenciar e ao que acababa de coñecer, con dous dos idoliños



mentres que noutros casos, como o da peza nº 30 de Cova da Moura, unha das escotaduras está executada aproveitando unha concavidade natural, ata o punto de que apenas é perceptible nunha das caras (Fábregas, 1992: 309).

A peza descuberta incide tamén na despreocupación que parecen amosar os autores pola simetría, e que xa ten sido sinalada anteriormente (Fábregas, 1993: 90). As irregularidades no número de escotaduras e/ou incisións son frecuentes. Afectan tanto a caras distintas, é dicir, ao número de acanaladuras presentes en cada unha das caras (p. ex., nº 27 de Cova da Moura, con catro acanaladuras nunha e tres na contraria) como ás escotaduras/acanaladuras presentes nos dous lados dunha mesma cara (p. ex., nº 1 da Mina de Parxubeira, que no lado esquerdo dunha das caras presenta tres incisións, fronte ás dúas dos restantes). Na nova peza de Axeitos esta asimetría é múltiple. Por unha banda, preséntase no número de escotaduras realizadas en cada lado da peza, algo que é compensado pola irregularidade presente no seu contorno. En segundo lugar, ostenta un número diferenciado de acanaladuras en cada cara, sempre e cando non contemos a máis que dubidosa incisión do lado esquerdo da cara A. E, finalmente, a propia execución das acanaladuras/incisións, que presenta unha grande asimetría pola presenza dunha delas (esquerda da cara A, dereita da cara B) cunha inclinación acusadamente diferente ás restantes, practicamente horizontal ao eixo en que está a ser estudiaada.

Desde o punto de vista técnico existe unha convivencia nunha mesma peza de piqueteado para a execución de escotaduras e acanaladuras, e mais incisión, algo que en principio pode sorprender ante a división que realiza Fábregas (1992 e 1993) entre os seus tipos Ila e mais os restantes tipos do grupo II. Sen embargo, a convivencia de ambas as técnicas xa ten sido sinalada noutra peza, a nº 27 de Cova da Moura, pertencente ao grupo IIc1. A presenza dun novo exemplar con estas características permite cuestionar a individualización dese grupo Ila, caracterizado por Fábregas pola ausencia de escotaduras laterais a modificar o contorno da peza. De feito, dentro del agrupábanse exemplares cun número variable de incisións (2, 4 e 8), fronte ás pezas con escotaduras, diferenciadas en base ao número das mesmas. Pero cómpre sinalar que o escaso número de pezas pertencente a este grupo (catro, noutros tantos xacementos) non permitía unha maior individualización dentro deles, incidindo na grande provisionalidade da clasificación tipolóxica proposta que o propio autor xa recoñecía (Fábregas, 1992: 170). A presenza de pezas nas que se mesturan piqueteado e incisión, como a nova figuríña de Axeitos, permite formular que, cara ao futuro, probablemente debamos rexeitar o aspecto técnico como criterio discriminante dos tipos de idoliños, limitándonos a traballar unicamente co organizativo da decoración.

---

recuperados no monumento literalmente no peto, para que os debuxase e estudiase. Rapaciño a quen, dous anos despois, lle abriu por completo a súa escavación aínda inédita ata o punto de lle facilitar o catálogo completo dos materiais.

Cómpre sinalar tamén a peculiaridade que presentan as incisións da peza. Nos restantes seixos incisos publicados ata a actualidade, dentro do que tamén se inclúe a outra figura provinte de Axeitos, as incisións téñense feito cun obxecto de fío agudo e duro, aplicado repetidas veces co fin de acadar a profundidade desexada, ata o punto de documentárense posibles rectificadores na manufactura (Fuente e mais Fábregas, 1988/89: 324). No novo idoliño, sen embargo, a execución destas estreitas incisións parecen terse realizado cun obxecto romo, duns 3-4 mm de anchura, sen que se aprecien rectificadores ou fallos. De feito, salienta nestas incisións tanto a perfección da súa execución, como a anchura do suco, moito maior ca nos outros casos coñecidos, e mesmo o feitío deste último, de base plana e practicamente puída, fronte á característica sección en V dos restantes [Figura 9]<sup>8</sup>. Estas singularidades permiten individualizar a peza en estudio, ata esbozar a posibilidade de que, máis que incisións, neste caso esteamos diante dunhas acanaladuras realizadas mediante o puimento da superficie cun obxecto estreito de punta roma.

A presenza de puimentado nas pezas xa ten sido sinalado con anterioridade, aínda que unicamente para rematar as escotaduras presentes nun idoliño do tipo Ilc1 (nº 17 de Cova da Moura). Na nova peza parece ter sido aplicado para rematar partes do contorno da cara A, entre as escotaduras realizadas. Un último aspecto técnico a sinalar vén marcado pola presenza, na cara «B» da peza, dunha superficie máis rugosa situada entre as dúas incisións superiores que a decoran. Seguramente debamos achacar esta situación á diferente exposición que tivo esta zona ás inclemencias do tempo, xa que era a cara que se presentaba á intemperie no momento da localización da peza. As inclemencias do tempo, nomeadamente a choiva tan frecuente na nosa zona, afectando sobre a súa superficie probablemente durante 20 anos, terían provocado esta alteración. Así e todo, cómpre sempre sinalar a posibilidade de que esta situación teña sido producida en tempos prehistóricos pola realización dun repicado intencional, xa que unha situación similar se documentou nunhas das pezas de Dombate, localizada *in situ* de pé, entre os restantes idoliños que formaban a soleira do monumento [Figura 10].

En canto á contextualización da peza, xa se comentou anteriormente que resulta difícil avaliar a presenza dos dous seixos traballados de Axeitos no marco do conxunto das pezas coñecidas para o NW. En principio, os casos de Dombate, A Mina de Parxubeira e Cova da Moura, coas súas fileiras de idoliños a xeito de soleiras do monumento, parecen indicar a presenza dunha estrutura semellante no dolmen ribeirán. Con isto, confirmaríase unha distribución bastante significativa, xa que todas elas se recolleron en grandes monumentos de corredor da zona noroccidental da provincia da Coruña, onde se ten salientado a existencia dunha

---

<sup>8</sup> A fotografía de detalle do idoliño de 1982 foi realizada por Ramón Fábregas Valvarce cando estudou dita peza, investigador ao que agradezo a súa amabilidade ao me permitir utilizala na presente publicación.

serie de caracteres formais que apuntan cara á presenza dunha tradición rexional propia durante o megalitismo (Vázquez, 1991/92: 182). Se isto se confirmase, as soleiras de idoliños serían unha expoñente máis desta tradición rexional que a diferenciaría doutras zonas. Con todo, a ausencia xa sinalada destes elementos na Casota do Páramo pode indicar, con todas as reservas que deben acompañar á interpretación dunha sondaxe, que este tipo de estruturas non son xeneralizables a todas as grandes antas da zona.

Por outra banda, a exclusividade deste tipo de soleiras no noroeste coruñés vese viciada pola investigación dos anos 80 e 90 do século XX, que ten provocado que sexa esa zona na que máis escavacións en área de monumentos se teñen realizado<sup>9</sup>. De feito, en datas recentes téñense documentado pezas análogas, entre elas unha esculturiña antropomórfica (tipo III de Fábregas), no límite da estrutura de acceso da Mámoa do Rei (Vilaboa, Pontevedra)<sup>10</sup> que parecen indicar a extensión deste tipo de elementos cara ao sur. Xa con anterioridade a información que aportaba o ídolo de Paredes de Abaixo (Paradela, Lugo), atopado, ao igual có de Axeitos, nas proximidades dun túmulo, apenas a 2 m da súa base, podería indicarnos a extensión de ditas soleiras cara ao interior de Galicia (Vilaseco, 1997/98: 143-146). Probablemente, o remate da escavación do monumento de corredor de Forno dos Mouros (Toques), situado no extremo oriental da provincia da Coruña, moi preto da fronteira con Lugo, actuación pendente desde hai xa 15 anos (Criado e mais Vaquero, 1991), podería contribuír en grande medida nesta controversia.

Ademais, cómpre sinalar que nos últimos anos se teñen localizado pezas similares ás aquí estudadas noutro tipo de monumentos megalíticos diferentes aos dólmene de corredor. Así, existen senllas pezas aínda inéditas localizadas, unha, no interior do sedimento tumular dunha mámoa en Guntín, Lugo (Rodríguez, 1998: 79) e a outra na zona de Minho/Trás-Os-Montes nun túmulo arrasado, na zona onde se situaría o corredor (¿?) (Castro, 1996). Máis salientables resultan achados ben contextualizados como os 22 seixos de Pedra do Boí 3 (Dumbría, A Coruña) (Lestón, 1993) ou os 5 do túmulo de Xestas (A Estrada, Pontevedra) (Bandín, 1996), recollidos en ambos os casos pousados en horizontal á entrada dos seus respectivos corredores intratumulares, senllas estruturas de grande parecido á documentada en Campiños 6; no caso da Medorra (A Gudiña, Ourense) apareceron pousados no interior da estrutura de acceso (Parga, 1996). Exemplos de situacións na parte oriental do monumento, pousados sobre ou entre a coiraza, témolos noutros monumentos do noroeste que carecen de indicios de accesos no seu interior, como Touta (Fábregas, 1992: 383) e mais Outeiro (Faro e mais outros, 1988: 258) ambas en Baião (Porto), ou A Moura 1 (Muíños, Ourense) (Eguileta, 1999: 127).

---

<sup>9</sup> Cando menos, é así dos publicados, ou daqueles outros dos que temos algunha información (Vilaseco, 2001).

<sup>10</sup> Información persoal do seu escavador, S. Vázquez Collazo, a quen agradezo esta referencia.

Por outra banda, en datas recentes están a ser localizados en diversos monumentos do occidente peninsular elementos que poden ser relacionables cos idoliños coruñeses, situados no interior dos accesos dos monumentos, como o posible ídolo antropomórfico de Portela do Pau 2 (Melgaço, Viana do Castelo) (Jorge et al. 1995), ou mesmo en posicións periféricas a eles. Esta era a situación que tiñan unha placa rectangular e mais un seixo de río con restos de pintura, situados entre as pedras que limitaban o acceso do monumento de Madorras 1 (Sabrosa, Vila Real) (Gonçalves e mais Cruz, 1994). Máis ao sur, exemplos deste tipo son os dous dóimenes da Lameira da Cima (Beira Alta), nos que se recolleron, en dita situación, numerosos seixos e mais unha posible placa antropomórfica (Gomes, 1996). E xa a moita máis distancia, os catro idoliños localizados no dolmen de Alberite (Cádiz), recollidos ao parecer no seu «adro», fronte á entrada ao monumento, e dos que o único publicado é asombrosamente parecido ás pezas noroccidentais (Bueno e mais Balbín, 1997: 704).

Así e todo, cómpre salientar que, a pesar de que teñen aparecido noutros puntos do occidente peninsular pezas similares ás atopadas nos accesos dos monumentos noroccidentais galegos, en ningún caso fóra da área antes descrita se teñen posto ao descuberto fileiras de idoliños semellantes ás presentes nela; e isto pese á escavación en datas recentes de monumentos de corredor en zonas próximas como Chã de Parada 1 (Baião, Porto) (Jorge e mais Bettencourt, 1988), o xa citado de Madorras 1, a mámoa de Afife (Viana do Castelo) (Silva, 1988) e, probablemente, Portela de Pau 1 (Jorge et al. 1995). Os datos levan a pensar, daquela, que estas estruturas son patrimoniais dos accesos dos grandes sepulcros de corredor da zona occidental da actual Galicia, pero que se enmarcan dentro dunha gramática de significado común, cando menos, ao occidente peninsular. Dita tradición ten tamén o seu reflexo, no propio occidente galego, en monumentos que aparentemente non presentan un sepulcro de corredor no seu interior, e nos que as pezas están simplemente pousadas no límite do acceso, como os xa citados de Pedra do Boi 3 e mais Xestas.

Un último aspecto que fica por considerar é o da cronoloxía. As primeiras interpretacións (Fábregas, 1992 e 1993) ven nas figuriñas como a de Axeitos unha «versión provincial» ou mesmo «basta» de decoracións características do calcolítico meridional peninsular. Trátase esta dunha visión claramente difusionista, característica dun momento no que se carecía de datacións de Carbono 14 para os monumentos en que se localizaron as pezas. Así e todo, debemos lembrar o grao de desenvolvemento iconográfico das figuras con que adoitan ser comparadas, nomeadamente algúns ídolos almerienses ou ídolos-placa alentexanos, que unicamente podemos aceptar como orixe para os nosos exemplares se estes fosen unha groseira copia daqueles, como se os habitantes do NW non fosen quen de reproducir os «modelos» orixinais.

A publicación das datacións de Dombate ten vido aportar unha serie de elementos que merecen unha reflexión en profundidade, na liña da que ten feito Cruz (1995: 96). Nunha primeira interpretación, baseada aparentemente en

argumentos estratigráficos, o escavador defendeu a coetaneidade dos idoliños coa estrutura arquitectónica (Bello, 1994: 301). Esta visión variou unha vez analizadas as datacións radiocarbónicas (Alonso e mais Bello, 1995), probablemente ante a grande antigüidade que parece ter a construción do grande sepulcro de corredor: a media ponderada das datacións do *momento 1*,  $4918 \pm 46$  BP (3788-3640 AC), obtida de datacións de carbóns procedentes da parte superior do solo antigo enterrado, e ratificada por outra datación realizada sobre unha laminiña de carbón recollida sobre o primeiro solo de utilización do sepulcro (UtC-3203:  $4950 \pm 70$  BP, 3942-3638 AC)<sup>11</sup>. Así, o escavador propón que a soleira de idoliños que se sitúa no principio do acceso se corresponde co *Momento 2*, datado a partir de carbóns da zona exterior aos idoliños, a diversas cotas, en  $4439 \pm 12$  BP (3258-3022 AC), e que é vinculada polo escavador coa preparación e primeiras utilizacións desta área.

Descoñecemos se existe algún motivo arqueolóxico para defender unha data tan recente para as figuras, aínda que todo parece indicar que a única razón que leva ao autor a propoñerlles esa cronoloxía é a ausencia de datacións máis antigas por diante delas. Ademais, de aceptarmos a cronoloxía antiga proposta para o dolmen, pasarían a ser das representacións escultóricas antropomórficas máis antigas coñecidas para o neolítico da península ibérica, bastante máis que a maior parte dos paralelos que se propuxeron para a súa orixe. Cómpre referirse, sen embargo, á interpretación que o escavador ten feito das esculturiñas de Dombate. Segundo el mesmo defende, as figuras estiveron á vista cando menos durante unha etapa da vida útil do monumento, a xeito de chanzo que marcaba o límite do pavimento de entrada ao sepulcro. Se isto é así, a datación dese momento 2 de Dombate sería máis ben un termo *ante quem* para os idoliños, xa que varias das mostras analizadas se recolleron a cotas en que estas figuras xa estarían parcialmente cubertas de terra. E nada impediría unha coetaneidade das mesmas coa data de construción do sepulcro salvo a citada ausencia de datas antigas por diante delas, unha circunstancia que podería ter múltiples explicacións como procesos de limpeza ocorridos durante a vida útil desta zona.

En apoio da cronoloxía antiga para as pezas tipo Argalo e as antropomórficas ás que se adoitan asociar, nos últimos anos estanse a poñer ao descuberto toda unha serie de exemplares similares iconograficamente ás do NW, cunha cronoloxía bastante antiga, en escavacións levadas a cabo en sepulcros megalíticos do occidente e sur da península Ibérica. Entre eles cómpre sinalar a laxe granítica con feitío antropomórfico asociada a un conxunto de seixos situados ao exterior do acceso do dolmen 1 da Lameira da Cima (Viseu), así como os seixos recollidos en

---

<sup>11</sup> As cifras AC corresponden á calibración das datacións a 2 sigma (grao de confianza do 95,4%). Na calibración destas e das restantes datacións que se citan no texto utilizouse o Radiocarbon Calibration Program, versión 4.1.2, método A, do Quaternary Isotope Laboratory da University of Washington, baseado na curva de calibración de Stuiver et al. (1998).

idéntica posición no dolmen nº 2 de dita necrópole (Gomes, 1996). Para eles, con características arquitectónicas e de espolio similares, sinálase un período de utilización moi curto (Cruz, 1995: 100): o primeiro foi construído logo do 4990±80 BP (OxA-4084: 3970-3640 AC), mentres que o segundo foi pechado entre o 3940 e mais o 3660 AC (GrN-21353: 4990±40; CSIC-1113: 4961±27; CSIC-1114: 4999±29), en datas radiocarbónicas similares á construción de Dombate recente. Máis asombroso é aínda o parecido que presenta coas noroccidentais a única figuríña publicada das catro localizadas no adro do dolmen de Alberite (Cádiz). A cronoloxía deste monumento, obtida a partir de carbóns procedentes do nivel de enterramento (Ramos et al., 1997: 852), apunta á súa utilización durante o último tercio do V milenio AC (Beta-80598 e Beta-80602, con resultado idéntico: 5320±90 BP, 4350-3960 AC). E aínda que unha datación provinte precisamente dunha lareira situada no adro da entrada á altura do nivel de construción podería apuntar un momento un pouco máis recente, resulta de pouco valor debido ao seu alto desvío padrón (Beta-80600: 5110±140 BP, 4310-3640 AC).

Cos exemplos anteriores, parece que comezan a aparecer outros tipo de paralelos ós idoliños do NW peninsular que sirvan para referendar unha maior antigüidade cá que se lle supón na actualidade, en consonancia coa proposta de Rodríguez Casal (1998: 79-80) quen considera as estatuíñas de Parxubeira contemporáneas da construción e primeira utilización do monumento. Así e todo, cómpre recoñecer que existe unha chata á interpretación cronolóxica proposta, como é a existencia da peza das Forcadas, procedente dun posible poboado calcolítico con dous niveis, precampaniforme e campaniforme (Fábregas, 1993). Aínda que, ao tratarse dun achado casual, a súa contextualización arqueolóxica debe ser tomada sempre con moita cautela. Na práctica, unicamente coa correcta publicación das intervencións dos últimos anos en que se teñen localizado pezas análogas á aquí estudadas, moitas das cales teñen sido referidas ao longo do texto, poderemos avanzar no correcto posicionamento cronolóxico e cultural dos seixos decorados do megalitismo galego.


## BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO MATHÍAS, F. E MAIS BELLO DIÉGUEZ, J.M. (1995). «Aportaciones del dólmen de Dombate al megalitismo noroccidental: dataciones de carbono 14 y su contexto arqueológico». *1º Congreso de Arqueología Peninsular (Porto, 1993). Actas VII. Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, 35 (3), pp. 153-181.
- BANDÍN, P. (1996). *Informe valorativo da escavación de urxencia no túmulo da Academia Galega de Seguridade*. Inédito depositado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- BELLO DIÉGUEZ, J. M. (1994): «Grabados, pinturas e ídolos en Dombate (Cabana, La Coruña). ¿Grupo de Viseu o grupo noroccidental? Aspectos taxonómicos y cronológicos». *Actas do Seminario «O megalitismo no centro de Portugal»*. *Estudos Pré-Históricos*, II, pp. 287-304.
- BUENO RAMÍREZ, P. e mais BALBÍN BEHRMANN, R. DE (1997). «Ambiente funerario en la sociedad megalítica ibérica: arte megalítico peninsular». En A. A. RODRÍGUEZ CASAL (ed.) *Actas do Coloquio Internacional O Neolítico Atlántico e as orixes do Megalitismo» (Santiago de Compostela, 1996)*. Santiago de Compostela, pp. 693-718.
- CASTRO, O. (1996): «Ídolos megalíticos do norte de Portugal». *Congreso internacional «O Neolítico Atlántico e as orixes do megalitismo (Santiago)»*, comunicación oral.
- CEBRIÁN DEL MORAL, F. (2002): *Proxecto para el cierre de la finca del dolmen de Axeitos*. A Coruña. Proxecto de obra depositado na Excm. Deputación Provincial da Coruña.
- CRiado BOADO, F.; AIRA RODRÍGUES, M.ª J.; DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. (1986): *La construcción del paisaje: megalitismo y ecología en la sierra de Barbanza*. Santiago.
- CRiado BOADO, F. e mais VAQUERO LASTRES, J. (1991). «El fenómeno megalítico y tumular: formas diversas de pasado monumental». En CRIADO BOADO, F. (dir.) *Arqueología del paisaje. El área Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales*. Imp. A Coruña, pp. 129-146.
- CRUZ, D. J. DA (1995). «Cronología dos monumentos con tumulus do noroeste peninsular e da Beira Alta». *Estudos Pré-Históricos*, III, pp. 81-119.
- EGUILETA FRANCO, J. M. (1999): *A Baixa Limia galega na Prehistoria Recente: arqueoloxía dunha paisaxe da Galicia interior*. Ourense.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. (1992): *Megalitismo del Noroeste de la Península Ibérica. Tipología y secuencia de los materiales líticos*. Madrid.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. (1993): «Las representaciones de bulto redondo en el megalitismo del noroeste». *Trabajos de Prehistoria*, 50, pp. 87-101.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. e mais FUENTE ANDRÉS, F. de la (1991/92): «Excavación da mámoa 6 de Os Campiños (Leiro-Rianxo). Campaña de 1984». *Brigantium*, 7, pp. 91-149.
- FARO, S.; CLETO, J.; CARNEIRO, A. L. (1988): «A escavação da mamoa de Outeiro no contexto do campo arqueolóxico da Serra da Aboboreira». *Coloquio de Arqueología do Noroeste Peninsular (Porto-Baião 1988). Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, XXVIII (1-2), pp. 251-273.
- FERNÁNDEZ-GAGO VARELA, C. (1982). *Ordenación del entorno de dólmenes. Axeitos – Cabaleiros – Dombate*. Proxecto de obra depositado na Excm. Deputación Provincial da Coruña.

- FUENTE ANDRÉS, F. de la, e mais FÁBREGAS VALCARCE, R. (1988/89): «Nota sobre un ídolo megalítico de Galicia». *Ars Praehistórica*, 7/8, pp. 233-237.
- GOMES, L. F. COUTINHO (1996). «A necrópole Megalítica da Lameira de Cima (Penedono – Viseu)». *Estudos Pré-Históricos*, IV, pp. 1-195.
- GONÇALVES, A. H. DE BACELAR e mais CRUZ, D. J. (1994). «Resultados do trabalhos de escavação da mamoa 1 de Madorras (S. Lourenço de Rabapinhão, Sabrosa, Vila Real)». *Actas do Seminario «O megalitismo no centro de Portugal»*. *Estudos Pré-históricos*, II, pp. 171-232.
- HOSKIN, M e mais RODRÍGUEZ CASAL, A. A. (1998): «Studies in Iberian archaeoastronomy: (5) orientations of megalithic tombs of northern and western Iberia. D: Galicia». *Archaeoastronomy*, 23, pp. 53-57.
- JORGE, V. O. e mais BETTENCOURT, A. M. S. (1988). «Sondagens arqueológicas na mamoa 1 de Chã de Parada (Baião, 1987)». *Arqueologia*, 17, pp. 73-118.
- JORGE, V. OLIVEIRA; SILVA, E. J. LOPES DA; BAPTISTA, A. MARTINHO; JORGE, S. OLIVEIRA. (1995). Escavação da mamoa 1 do Alto da Portela de Pau (Castro Laboreiro, Melgaço) – 1992". *1º Congresso de Arqueologia Peninsular (Porto, 1993)*. *Actas VII. Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, 35 (3), pp. 191-225.
- JORGE, V. OLIVEIRA; SILVA, E. J. LOPES DA; BAPTISTA, A. MARTINHO; JORGE, S. OLIVEIRA. (1997): *Escavação da mamoa 2 do Alto da Portela do Pau, Castro Laboreiro (Melgaço)*. Porto.
- MURGUÍA, M. (1865): *Historia de Galicia*. Tomo I. Lugo. (1ª ed.)
- LESTÓN GÓMEZ, M. (1993): *Informe valorativo da escavación do mámoa nº 3 de Pedra do Boi (Dumbría, A Coruña)*. Inédito depositado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- PARGA CASTRO, A. (1996): *Informe Valorativo. Excavación arqueológica del túmulo megalítico de A Medorra (A Gudiña, Ourense)*. Inédito depositado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- RAMOS, J.; DOMÍNGUEZ-BELLA, S.; CASTAÑEDA, V.; LAZARICH, M.; PÉREZ, M.; MORATA, D.; MARTÍNEZ, C.; CÁCERES, I.; FELÍU, M. J.; GILES, F.; GUTIÉRREZ, J. M. (1997). «El dólmen de Alberite (Villamartín). Excavación, analítica y su aportación al conocimiento de las sociedades del Vº milenio A.N.E. en el N.E. de Cádiz». En A. A. RODRÍGUEZ CASAL (ed.) *Actas do Coloquio Internacional O Neolítico Atlántico e as orixes do Megalitismo» (Santiago de Compostela, 1996)*. Santiago de Compostela, pp. 839-854.
- RODRÍGUEZ CASAL, A. A. (1988): *La necrópolis megalítica de Parxubeira*. A Coruña.
- RODRÍGUEZ CASAL, A. A. (1998): «Las estelas antropomorfas de Parxubeira en el contexto de la estatuaria megalítica del noroeste de la Península Ibérica». En J. Guilaine (ed.) *Actes du 2ème colloque international sur la statuaire mégalithique (Saint-Pons-de-Thomières, 1997)*, *Archaeologie en Languedoc*, 22, pp 73-82.
- SILVA, E. JORGE LÓPES DA (1988). «A mamoa de Afife: breve síntese de 3 campanhas de escavação». *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, 28 (1-2), pp. 127-135.
- STUIVER M.; REIMER, P.J.; BARD, E.; BECK, J.W.; BURR, G.S.; HUGHEN, K.A.; KROMER, B.; MCCORMAC, F.G.; PLICHT, J.; SPURK, M. (1998). «Calibration issue». *Radiocarbon*, 40 (3), pp. 1041-1083.
- SUÁREZ OTERO, X. (1990): «Ídolo de Paredes». En *Galicia no Tempo, catálogo da exposición*. Santiago de Compostela, pp. 105-106.



- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1991/92): «Aspectos económicos y sociales de la construcción de monumentos megalíticos en el noroeste de la península Ibérica». *Brigantium*, 7, pp. 177-183.
- VIDAL LOJO, M. A. (1999). *Memoria final del elemento nº 44: túmulo de Os Consellos*. Memoria inédita depositada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- VILASECO VÁZQUEZ, X. I. (1997/98): «Datos sobre a presenza de estruturas de acceso en túmulos megalíticos da provincia de Lugo». *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, VIII (1), pp. 125-156.
- VILASECO VÁZQUEZ, X. I. (2000): *Estructuras de acceso nos monumentos megalíticos do Noroeste*. Tese de licenciatura inédita presentada na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela.
- VILASECO VÁZQUEZ, X. I. (2001): «As escavacións arqueolóxicas en monumentos tumulares de Galicia: 1965-1998. Cuestións metodolóxicas e bibliométricas». *Gallaecia*, 20, 61-95.



**FIGURA 1:** Localización do dolmen de Axeitos (asterisco) e doutros monumentos citados no texto: 1. Dombate. 2. Prado do Boi. 3. Forno dos Mouros. 4. A Mina de Parxubeira. 5. Cova da Moura. 6. Casota do Páramo. 7. Os Campiños. 8. Xestas. 9. Paredes de Abaixo. 10. Mámoa do Rei.






FIGURA 2: Plano altimétrico do contorno do dolmen de Axeitos coas fincas propiedade da Excm. Deputación Provincial da Coruña. Estado previo ás obras. Procedencia: Cebrián del Moral, 2002.




**FIGURA 3:** Seixo decorado localizado en Axeitos en 2003.



**FIGURA 4: Seixo decorado localizado en Axeitos en 2003. Cara A.**



**FIGURA 5:** A. Plano de detalle da situación en superficie do canto rodado decorado.  
B. Localización da peza (circo) en relación co dolmen.



**FIGURA 6:** Figuríña antropomórfica de Axeitos localizada en 1982, segundo Fuente e mais Fábregas, 1988/89.





FIGURA 7: Casota do Páramo. Planta e perfil das catas realizadas en relación ao dolmen. Montaxe realizada a partir de Criado et al., 1986.



*Un novo seixo con trazos antropomórficos...*



**FIGURA 8: Idoliño de Dombate elaborado sobre un seixo con forma antropomórfica natural.**





FIGURA 9: Comparación dos sucros incisivos das pezas de Axeitos: enriba, detalle da cara A do exemplar de 1982 [fotografía de R. Fábregas]; embaixo, detalle da cara B do exemplar de 2003.



**FIGURA 10:** Idoliño de Dombate, do tipo IIb2, con alteración na parte superior dunha das súas caras (esquerda).